

Como estades????? Esperamos que todos e todas sigades ben. Tamén que continuedes colaborando na casa e manténdoos tranquilos. Seguro que si!!

Aquí achegamos algunhas propostas para os próximos días. Lembrede que se tedes dúbidas ou algún problema, podees escribir no correo de Abalar, de acordo?

Pois veña! Moito ánimo... e unha aperta ben forte.

LENGUA / PLÁSTICA

Que tal vos foi cos textos telegráficos? Pois hoxe unha proposta moi diferente: imos crear medicamentos máxicos e redactar os seus prospectos. Prospecto?? Si. Ese papelíño que vai dentro da caixa e que, como mínimo debe explicar:

1. Qué é ese medicamento e para que vale.
2. Dose axeitada para nenos e adultos
3. Posibles efectos secundarios.

Podes imprimir as imaxes posteriores ou simplemente debuxar ti unhas parecidas. Xa ves que son moi sinxelas. Veña! Bótalle moita imaxinación!




MATEMÁTICAS

Os ceros ... que lata poden dar, non si? Pois nós non queremos problemas con eles. Ímolos reforzar un pouco. Neste [primeiro](#) enlace podes repasar lendo e practicando con ceros nas multiplicacións. No [segundo](#) e [terceiro](#), podes facelo cos que nos dificultan as divisións.

Le en cada páxina a explicación e os exemplos e fai as actividades da dereita. Mellor copia e resolve en papel e despois na pantalla. (Hai actividades moi sinxelas e outras ben difíciles. Se non podes con algunha non te preocupes)

Agora outra actividade diferente, desta vez con decimais. Queres saber cal sería o teu peso en Marte ou en Saturno?



Lembras ben as multiplicacións con decimais, verdade? Por se dubidas, [aquí podes consultar](#). De verdade vas multiplicar o teu peso por 1,00 para saber cal sería no noso planeta??

MÁIS XEOGRAFÍA

Achegamos un [novo recurso](#) para que variedes un pouco. Tamén un novo reto: es quen de aprender, pouco a pouco, os países de Europa??

Nesta páxina podes practicar e aprendelos. Ademais garda algunha sorpresa como mapas con imaxes ou mapa das *Sete Marabillas do Mundo Antigo*. Queres velas e saber onde están?

Podes intercalar o uso desta páxina con Didactalia ou a de Enrique Alonso e mesmo, se é posible imprimir algún mapa para rotulalo e colorealo.

NATURAIS / LINGUA GALEGA

O que tes a continuación, nas páxinas seguintes, é un texto cheo de novo vocabulario co que te podes familiarizar. É un texto divulgativo que fala sobre os nosos sentidos. Leva tamén imaxes para facilitarche a súa comprensión, así como dous enlaces a vídeos.

A proposta é que o leas varias veces intentando comprender o que di e que vaias apropiándote tamén de cada nova palabra que atopas. Intenta facer un glosario. Un glosario??? Que é un glosario??? Aí comeza o reto! Busca o significado desa palabra.

Xa o sabes? Ben! Pois segundo vaias elaborando o teu glosario estarás aprendendo naturais e lingua ao mesmo tempo e, á volta, poderemos falar de retinas, tímpanos ou pituitarias sen problema!! Por certo ... cando falo de corpo humano debo escribir óso ou oso?? E que será un trade?? Iso tamén é vocabulario.

Lembra que non se trata dun texto para estudar. Trátase de facer lectura e extraer un vocabulario co que te vaias familiarizando. Iso si, é conveniente que o leas varias veces.

FUNCIÓN DE RELACIÓN - OS SENTIDOS

A través dos sentidos, percibimos o que acontece na nosa contorna. Un estímulo externo é calquera cambio que se produce ao noso redor e que é detectado polos nosos sentidos.

Por exemplo, o olor dun perfume é un estímulo cando chega ao noso nariz; o ruído dun trade é un estímulo para os nosos oídos que pode ser molesto.


Os principais sentidos son: a vista, o oído, o olfacto, o gusto e os sentidos que residen na pel, como o tacto.

A VISTA


Os ollos son os órganos encargados do sentido da vista. Están formados por tres capas: a esclerótica, a coroides e a retina. Outras partes dos ollos son: a córnea, a pupila, o iris, o cristalino, o humor vítreo e o nervio óptico.

Os ollos son moi delicados. Por iso hai varias estruturas que os protexen: as cellas impiden que a suor chegue a eles; as pálpebras e pestanas protéxenos da luz excesiva, do aire e dos corpos estraños; as glándulas lacrimais producen bágoas que manteñen húmida a superficie do ollo.

A visión é a percepción das imaxes a través dos ollos. Para iso, a luz debe chegar a eles. A luz entra pola córnea, atravesa a pupila e o cristalino e chega ata a retina. Nela proxéctase a imaxe que está diante dos nosos ollos (aínda que invertida e máis pequena) e transfórmase nun sinal nervioso. Este sinal chega ao cerebro a través do nervio óptico, para que o interprete. Ao final deste proceso, que é instantáneo, é cando vemos e identificamos a imaxe que temos diante.



- 1 - cella
- 2 -
- 3 -
- 4 -
- 5 -
- 6 -



O OÍDO

O oído é o sentido que nos permite captar os sons que se producen no exterior. O órgano encargado do sentido da audición é o oído e divídese en tres partes:

OÍDO EXTERNO. Está formado pola orella ou pavillón auditivo e o conduto auditivo externo.


OÍDO MEDIO. É unha pequena cavidade que empeza no tímpano e que ten no seu interior unha cadea de tres ósños: martelo, bigornia e estribo. Esta cavidade comunica co oído interno mediante a ventá oval.

OÍDO INTERNO. Contén o caracol (cóclea), que é o órgano da audición. No oído interno tamén se sitúa o aparato vestibular que se encarga do sentido do equilibrio.

A audición é a percepción dos sons a través do oído. O son transmítese por ondas que circulan polo aire. O pavillón auditivo recolle estas ondas que chegan ao tímpano polo conduto auditivo externo. Cando recibe as ondas, o tímpano vibra e sacode os ósños do oído medio e estes transmiten esas vibracións á ventá oval. Ao oscilar a ventá oval, o líquido que contén o caracol móvese e á súa vez fai mover os receptores auditivos, que envían estes estímulos auditivos ao cerebro a través do nervio auditivo.

A intensidade do son mídese en decibelios (dB) e indícanos o forte ou débil que é un son. Ao redor de 10 dB é un son tan débil que case non se pode oír. Os sons por riba de 120 dB poden danar os nosos oídos.

- 1 Conduto auditivo externo
- 2 Tímpano
- 3 Ósños do oído medio
- 4 Nervio auditivo
- 5 Caracol
- 6 Oído interno
- 7 Oído medio
- 8 Oído externo
- 9 Pavillón auditivo




O GUSTO

O sentido do gusto encóntrase na lingua. Os receptores do gusto son os que detectan os sabores. Estes receptores unidos forman as chamadas papilas gustativas, que son unhas minúsculas elevacións que existen na superficie da lingua. Son moi importantes porque nos indican se algo é comestible ou non segundo o seu sabor.

Na lingua encóntranse repartidos catro tipos principais de receptores gustativos que detectan catro sabores distintos: amargo, ácido, doce e salgado. Hai un tempo descubriuse un quinto sabor: o umami. Son os sabores básicos, a partir dos cales obtéñense todos os demais, ao mesturalos.

Papilas gustativas
Lingua



O SABOR UMAMI

O umami é un sabor que foi descuberto en 2001 por un científico norteamericano que atopou, na lingua, receptores gustativos para este sabor.


Umami en xaponés significa *saboroso* ou *gustoso*. Este sabor atópase en alimentos como o xamón curado, os queixos curados, os espárragos, a salsa de soia, os tomates maduros e ata no leite materno.



O OLFACTO

O nariz é o órgano do sentido do olfacto, que nos permite percibir os olores. Na parte superior das fosas nasais hai unha zona chamada pituitaria, que é onde se encontran os receptores olfactivos. Existen varios centenares de tipos distintos de receptores olfactivos, cada un dos cales unhas cantas substancias concretas. Por iso as nosas sensacións olorosas son tan variadas e complexas.


Os sentidos do gusto e olfacto actúan conxuntamente. En realidade, ao comer estamos gustando e ulindo ao mesmo tempo. Así podemos gozar máis intensamente dos sabores.



O TACTO

A pel é a capa externa que envolve e protexe o corpo humano. Nela atópase uns receptores especializados que responden a estímulos como o tacto, a temperatura e a dor.


Así percibimos a textura e a forma dun obxecto, sabemos se está frío ou quente, se nos produce dor ou pracer ... co tacto detectamos presións lixeiras da pel, como o rozamento da roupa, ou presións intensas, como cando pulsamos un timbre.



O sistema Braille

O tacto é o menos especializado dos cinco sentidos, pero coa práctica pódese aumentar a súa agudeza.

Hai moitos exemplos, pero un deles encóntrase nas persoas cegas. Coa práctica adquiriron unha sensibilidade moi aguda nas xemas dos dedos que lles permite interpretar o sistema Braille, para ler como coa vista.



O sentido da vista [\(vídeo\)](#)

O sentido do oído [\(vídeo\)](#)

(Ambos vídeos teñen o mesmo comezo, pero despois refírense a un sentido diferente)